


<p>Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B DAV</p>	<p>Documento 10513I0BJ3</p>	<p>a</p>
<p>Código de verificación  4K6G 2C6A 4L5Q 3D4I 09XG</p>	<p>Expediente 105/2019/2115</p>	
	<p>Fecha 01-04-2019</p>	

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA A CONCESION DA BOLSA DE COMEDOR ESCOLAR. CURSO ESCOLAR 2019/2020

1. OBXECTO

1.1 De conformidade coas competencias atribuídas a este Concello polo artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e da Lei 13/2008 de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, o obxecto desta convocatoria é a regulación das bolsas de comedor de carácter individual para persoas menores de idade empadroadas no Concello da Coruña, escolarizadas en centros educativos que se atopen dentro do termo municipal da Coruña e cumpran os requisitos establecidos na presente convocatoria.

1.2 Esta convocatoria inclúe as bases e o procedemento das bolsas de comedor escolar para o curso escolar 2019/2020.

1.3 O sistema de acceso ao comedor escolar estará supeditado ás prazas dispoñibles para este servizo por cada centro escolar e orzamento destinado a tal fin en cada convocatoria anual. O compromiso de gasto para os exercicios correspondentes para o 2019 e 2020 está subordinado o crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento municipal.

1.4 Esta bolsa é incompatible con calquera outra doutras institucións públicas ou privadas para a mesma finalidade.


2. RÉXIME XURÍDICO

2.1 A presente convocatoria rexerese integramente polas presentes Bases e pola Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Excmo. Concello da Coruña, aprobada en sesión de data 11 de abril de 2005 (BOP núm. 40), pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, as demais normas que lle resulten de aplicación e axustándose, en todo caso, aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Asemade co obxecto de ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e establecer as obrigas de bo goberno, resulta de aplicación a Lei 19/13, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Instrución de Transparencia do Concello da Coruña de data 9 de marzo de 2016.

Na tramitación do gasto derivado desta convocatoria específica terase en conta o establecido nas Bases 10ª.2.b) e 11ª de Execución do Orzamento municipal prorrogado para o exercicio 2019.

2.2 As bases, na súa versión íntegra, estarán a disposición das persoas interesadas na Sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es>, e na Base de Datos Nacional de Subvenciones:

<p>Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B DAV</p>	<p>Documento 10513I0BJ3</p>	a
<p>Código de verificación</p>  <p>4K6G 2C6A 4L5Q 3D4I 09XG</p>	<p>Expediente 105/2019/2115</p>	
	<p>Fecha 01-04-2019</p>	

<http://www.infosubvenciones.es> e en extracto na páxina web do Boletín Oficial da Provincia da Coruña:
<http://bop.dicoruna.es/bopportal/es>.

3. CRÉDITO ORZAMENTARIO

3.1 O importe global das subvencións obxecto desta convocatoria específica é de 1.500.00,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 51.231.227.23. Este importe divídese entre 450.000,00 € que corresponden ao gasto previsíbel entre os meses de setembro a novembro de 2019 e que se imputan a aplicación 51.231.227.23 do orzamento municipal prorrogado para o exercicio económico de 2019 e 1.050.000,00 € correspondentes aos meses de decembro de 2019 a xuño de 2020 que se imputarán ao exercicio económico de 2020. A concesión efectiva da bolsa de comedor para os meses de decembro de 2019 a xuño de 2020 queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento municipal do exercicio económico de 2020.

3.2 De conformidade co disposto no artigo 58.2 do Regulamento Xeral de Subvencións, no caso de que este crédito se incremente como consecuencia dunha modificación orzamentaria derivada de non consumir o crédito de convocatorias anteriores dos mesmos créditos ou por terse incrementado o seu crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, esta contía adicional poderá aplicarse á concesión de subvencións sen necesidade dunha nova convocatoria.

A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración da dispoñibilidade de crédito

4. LÍMITE INDIVIDUAL MÁXIMO DA SUBVENCIÓN


4.1 A contía da bolsa de comedor cubrirá a totalidade do custo do servizo do comedor en centros públicos de educación infantil e primaria (CEIP), institutos de ensino secundario (IES) e formación profesional ou centros de educación especial sostidos total ou parcialmente con fondos públicos (CEE).

No caso dos centros privados e/ou concertados, a contía da axuda de comedor será de 80€ como norma xeral. Será por conta das familias beneficiarias facer fronte á diferenza que exista entre a axuda concedida e o prezo do servizo.

Con carácter excepcional, o persoal técnico dos servizos sociais municipais poderá propor, mediante informe técnico que así o xustificar, que se incremente o custo financiado polo Concello ata unha contía máxima de 98€/mes, sempre que a familia obteña 10 puntos no baremo económico.

4.2 A bolsa de comedor non cobre gastos de seguro de comedor ou cotas de alta nas AMPAS, se os houber, que serán por conta das familias beneficiarias.

4.3 O Concello de A Coruña aboará a contía establecida directamente a entidade ou empresa titular do centro escolar, no suposto de centro privado de ensino, ou á empresa que xestione o servizo de comedor, no suposto de centro público de ensino, e previamente comunicada ao Concello da Coruña pola dirección do respectivo centro de ensino.

<p>Area / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B DAV</p>	<p>Documento 10513I0BJ3</p>	<p>a</p>
<p>Código de verificación</p>  <p>4K6G 2C6A 4L5Q 3D4I 09XG</p>	<p>Expediente 105/2019/2115</p>	
	<p>Fecha 01-04-2019</p>	

5. PERSOAS BENEFICIARIAS

5.1 Con carácter xeral, poderán ser persoas beneficiarias da bolsa de comedor aquelas que reúnan os requisitos sociais, persoais e económicos sinalados na base 6.

Serán persoas beneficiarias desta convocatoria as unidades familiares de convivencia con menores de idade a cargo, escolarizados en centros de ensino do termo municipal da Coruña sostidos con fondos públicos que presten servizo de comedor e que cumpran os requisitos esixidos na presente convocatoria.

5.2 Para os efectos desta convocatoria, considérase que forman a unidade familiar de convivencia os membros seguintes:

- a) A/o menor.
- b) Os cónxuxes, titoras/es legais, familia de acollida ou parellas de feito.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade, os seus cónxuxes ou parellas de feito, e os fillos/as menores de idade residentes no domicilio familiar de cada un dos proxenitores.
- d) Avós/as.

5.3 Os ingresos de tódolos membros da unidade familiar serán tidos en conta para os efectos de determinar a situación económica nos termos que recollen estas bases.

6. REQUISITOS

6.1 Para acceder á bolsa, deberán reunirse os seguintes requisitos:

a) Poderán acceder á bolsa de comedor as unidades familiares que estean empadroadas e conviviren no mesmo domicilio do Concello da Coruña cos menores de idade para os que se solicita a bolsa.


Dado o carácter municipal da prestación, este requisito deberá manterse durante todo o curso escolar 2019/2020, sen prexuízo de que ante situacións excepcionais, que serán valoradas polo persoal técnico dos servizos sociais municipais, poida facer excepción deste requisito.

b) Ser o/a proxenitor/a ou ostentar a tutela legal ou ter concedido o acollemento familiar do menor ou menores para os que se soliciten a bolsa.

c) Ter matrícula efectiva ou praza solicitada dos/as menores en centros escolares públicos ou concertados do termo municipal da Coruña que conten con servizo de comedor en 2º ciclo de educación infantil, educación primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e ciclos formativos de grao medio de formación profesional e formación profesional básica.

d) Os ingresos máximos per capita da unidade familiar non superarán os 6.000,00€ anuais, de conformidade co baremo que se establece na presente convocatoria.

e) Acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións derivadas da participación neste programa, en caso de ser beneficiaria/o da bolsa o curso escolar anterior .

<p>Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B DAV</p>	<p>Documento 10513I0BJ3</p>	a
<p>Código de verificación</p>  <p>4K6G 2C6A 4L5Q 3D4I 09XG</p>	<p>Expediente 105/2019/2115</p>	
	<p>Fecha 01-04-2019</p>	

f) Igualmente serán de aplicación os requisitos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións aprobado polo Real Decreto 887/2006.

6.2 Especificacións das situacións familiares:

a) Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio a persoa de referencia será o pai ou nai que teña atribuída a custodia do/a menor segundo co establecido no convenio regulador ou sentenza xudicial.

b) Nos supostos de custodia compartida, a persoa de referencia será o pai ou a nai que presente a solicitude de beca.

c) Nos supostos de acollemento, a persoa ou persoas de referencia serán quen teña adxudicada por resolución administrativa ou auto xudicial.

d) En ningún caso serán considerados/as como persoas de referencia con respecto as/os menores beneficiarias/os desta bolsa, os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos ou da garda e custodia ou se a tutela ou a garda fora asumida por unha institución pública (agás os casos de acollemento familiar do parágrafo anterior).

No caso de que os menores de idade estean tutelados por unha institución pública, só poderán ser beneficiarios da bolsa comedor se acredita que no seu centro escolar ten xornada compartida e a distancia entre ese centro e a residencia de acollida non aconsella o uso de transporte escolar por incompatibilidade horaria.

6.3 Excepcionalmente e previo informe emitido polo persoal técnico dos servizos sociais municipais, poderanse considerar outras situacións sempre e cando a obtención da prestación sexa en beneficio dos/as menores da unidade familiar ou consecuencia dun proxecto de intervención coa familia solicitante. Esta excepción será aplicable tamén ás bolsas por causas sobrevidas recollidas nesta convocatoria.

6.4 Os requisitos deben cumprirse na data de en que remate o prazo de presentación de solicitudes e serán valoradas segundo indique a documentación achegada nesa data, fóra das situacións recollidas na base 15.

7. DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS


7.1 Dereitos

As persoas beneficiarias da bolsa de comedor terán dereito a recibir a prestación de servizo de comedor de forma continuada todos os días lectivos do mes durante o curso escolar 2019/2020 (de setembro a xuño), sempre que o centro escolar preste servizo durante eses meses.

7.2 Obrigas

Son obrigas das persoas beneficiarias da bolsa de comedor as seguintes:

- Presentar nos prazos establecidos a solicitude e toda a documentación preceptiva.

<p>Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B DAV</p>	<p>Documento 10513I0BJ3</p>	<p>a</p>
<p>Código de verificación</p>  <p>4K6G 2C6A 4L5Q 3D4I 09XG</p>	<p>Expediente 105/2019/2115</p> <p>Fecha 01-04-2019</p>	

- b) Cumprir as bases da convocatoria e as demais normas que resultaren consecuencia dela.
- c) Asistir ao comedor do centro durante todo o curso escolar 2019/2020, fóra dos meses de setembro e de xuño que poden ter carácter voluntario ou non ofrecer o centro ese servizo. Excepcionalmente, admitirase a modalidade de fixos descontínuos para o alumnado con educación combinada e para aquelas situacións que valore o persoal técnico dos servizos sociais municipais.
- d) Manter a escolarización das/os menores e a asistencia ao comedor escolar durante todo o curso escolar 2019/2020.
- e) Cumprir coa normativa específica reguladora do funcionamento de cada comedor escolar.
- f) Pagar puntualmente, se for o caso, a parte do importe do servizo de comedor escolar do menor ou menores non financiada polo programa municipal.
- g) Atender os requirimentos do persoal técnico dos servizos sociais municipais cando así se lle solicitar, así como comunicarles a estes calquera incidencia relacionada coa concesión e coa xestión desta prestación, incluído o cambio de domicilio.
- h) Comunicar por escrito a renuncia á prestación, no caso de se producir, e a causa que determinar a renuncia.
- i) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de calquera recurso para a mesma finalidade procedente de calquera administración, ente público nacional ou internacional ou entidades privadas, desde o momento en que se coñeza.
- j) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe, se for o caso, o órgano concedente, así como a calquera outras de comprobación e de control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando a información que sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- k) Así como calquera outra establecida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións aprobado polo Real Decreto 887/2006.


8. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

8.1 As solicitudes deberán presentarse no impreso municipal específico para esta convocatoria, asinado pola persoa solicitante (nai/pai/titor/a). Nel especificarase o nome da/o menor ou menores e o centro escolar para o que se solicita a bolsa de comedor, acompañado da documentación preceptiva que indica a base 10.

As solicitudes e a documentación que se achegue a mesma deberán presentarse no Rexistro de Entrada do Concello da Coruña.

Estes impresos facilitaranse nas oficinas dos rexistros municipais da Praza de María Pita, 1, do Fórum Metropolitano (rúa Río de Monelos, 1), do Centro Ágora (lugar da Gramela, 17) e do CCM Mesoiro (rúa Ancares, 15), nas oficinas dos Equipos de Atención Social (EAS de Labañou, EAS de San Diego, EAS de Elviña, EAS de Os Mallos e EAS de Monte Alto) e nos centros cívicos municipais. Así mesmo, tamén se poderá acceder a eles a través da sede electrónica (<https://sede.coruna.gob.es>) e da páxina web (<http://www.coruna.gal/servizossociais>).

8.2 O prazo para presentar solicitudes será de dez (10) días hábiles que contarán a partir do seguinte ao de publicarse estas bases no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

<i>Área / Unidade</i> JUSTICIA SOCIAL AS0000B DAV	<i>Documento</i> 10513I0BJ3	a
<i>Código de verificación</i>  4K6G 2C6A 4L5Q 3D4I 09XG	<i>Expediente</i> 105/2019/2115	
	<i>Fecha</i> 01-04-2019	

8.3 A información máis detallada sobre estas bolsas facilitarase nos centros cívicos municipais e no teléfono 010 de información cidadá do Concello da Coruña.

9. CRITERIOS DE VALORACIÓN

9.1 A valoración total da situación familiar realizarase sobre a base da documentación presentada polos solicitantes e a que conste achegada nos respectivos expedientes das solicitudes, sen prexuízo de que poida requirirse outra documentación para acreditar os feitos alegados e para permitir motivar ou fundamentar a valoración obtida:

Para poder valorar a dita situación, teranse en conta os seguintes factores


a) Situación económica da unidade familiar de convivencia tendo en conta os ingresos netos do último exercicio declarado (2017 ou 2018) polos membros da unidade familiar de convivencia mediante a presentación das declaracións que procedan do Imposto sobre a renda das persoas físicas (Modelo D-100) e outra documentación adicional.

Tamén serán obxecto de valoración aquelas prestacións correspondentes ao Instituto Nacional de Seguridade Social (INSS) ou Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) ou entidades similares que pola súa natureza estean exentas de tributación por Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF). Igualmente teranse en conta as posíbeis pensións de alimentos establecidas nas sentenzas de separación ou convenio regulador aprobado xudicialmente.

Para a aplicación do apartado 11.a) do baremo e o cálculo desta puntuación deste apartado, segundo o establecido pola base 11, teranse en conta os ingresos netos anuais de todas as persoas integrantes da unidade familiar de convivencia conformada polas persoas beneficiarias, as persoas proxenitoras ou titoras legais así como as persoas cónxuxes ou parellas de feito das mesmas e os as/os fillas/os maiores de idades, os seus cónxuxes ou parellas de feito e as/os fillas/os menores de idades residentes no domicilio familiar de cada un dos proxenitores así como os avós e avoas.

A esta capacidade económica descontaranse gastos de aluguer ou hipoteca de vivenda habitual ata un máximo anual de 3.000,00€ previa presentación do último recibo de alugamento ou hipoteca. Este recibo deberá estar emitido polo/a titular desa propiedade ou banco que formalizou o préstamo. No caso de hipotecas, descontaranse só aquelas nas que se acredite, mediante referencia catastral, que o recibo da hipoteca se corresponde coa vivenda de residencia e empadramento da unidade familiar. No suposto unidades familiares de convivencia que perciban ingresos por aluguer doutra/s vivenda/s da súa propiedade, non poderán beneficiarse do desconto por aluguer/hipoteca da indicada como a súa residencia habitual.

A capacidade económica da unidade de convivencia calcularase, de forma alternativa, segundo a dispoñibilidade da declaración fiscal máis recente, en relación a:

<i>Área / Unidada</i> JUSTICIA SOCIAL AS0000B DAV	<i>Documento</i> 10513I0BJ3	a
<i>Código de verificación</i>  4K6G 2C6A 4L5Q 3D4I 09XG	<i>Expediente</i> 105/2019/2115	
	<i>Fecha</i> 01-04-2019	

- i) o último exercicio (2017) con declaración do Imposto da Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) (modelo D-100) presentada polos membros da unidade de convivencia e cuxos datos estean dispoñibles na Axencia Tributaria (AEAT), o no seu caso;
- ii) o último exercicio (2018) con declaración do Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) (modelo D-100) presentada polos membros da unidade de convivencia anta a Axencia Tributaria (AEAT).

Nos supostos nos que isto resulte posible polo traslado dende un terceiro Estado, esta capacidade económica será avaliada tendo en conta os ingresos obtidos dende a estancia en territorio español.

En todo caso, se a unidade familiar é perceptora da Renda de Inserción Social de Galicia ou da Renda Social Municipal, a capacidade económica entenderase xustificada por ditas situacións.

b) Situación laboral dos proxenitores e a efectos de valorar incompatibilidades horarias.

c) Situación sociofamiliar da unidade familiar de convivencia (monoparentalidade, violencia intrafamiliar, familias numerosas, etc.).

d) Situación de saúde da familia (grao de discapacidade na unidade familiar, intolerancias alimentarias, etc.)

9.2 A puntuación total resultará de sumar a puntuación dos apartados a), b), c), d), de conformidade co baremo da base 11.

10. DOCUMENTACIÓN


10.1 Deberá presentarse a seguinte documentación dentro do prazo de presentación de solicitudes:

a) Impreso de "Solicitud" municipal da bolsa de comedor completamente cuberto, no que se especificará, ademais dos datos persoais e de contacto da persoa solicitante e da outra persoa proxenitora se a houber (salvo separación sen custodia compartida), o nome das/os menores para quen se solicita a bolsa e o seu centro escolar.

b) Declaración responsable asinada co compromiso de cumprir as obrigas e de residencia efectiva no termo municipal da Coruña cas/os menores para os que se solicita a prestación de comedor escolar (anexo I).

c) No suposto previsto na Base 9ª.a).ii) (Declaración da renda do exercicio 2018) e en relación a aqueles membros da unidade familiar de convivencia que tendo a obriga de presentar a declaración polo Imposto da renda das persoas físicas, segundo o establecido no artigo 1 da Orde HAC/277/2019, de 4 de marzo (publicada no BOE nº 62, de data 13.03.2019), e así o declararan e presentada a devandita declaración fiscal: en relación aos mesmos deberanse presentar as copias das declaracións do Imposto da renda das persoas físicas (Renda – Modelo D-100) correspondente ao exercicio 2018, destes membros que formen parte da unidade familiar de convivencia.

d) De selo caso, os xustificantes da súa situación económica para aquelas persoas que non tiveron residencia ou ingresos computables en territorio español durante o exercicio correspondente á última

<i>Área / Unidad</i> JUSTICIA SOCIAL AS0000B DAV	<i>Documento</i> 10513I0BJ3	a
<i>Código de verificación</i>  4K6G 2C6A 4L5Q 3D4I 09XG	<i>Expediente</i> 105/2019/2115	
	<i>Fecha</i> 01-04-2019	

declaración da renda dispoñible deberán entregar xustificantes de nóminas coherentes coa súa vida laboral.

e) No caso de traballadores por conta propia isto entenderase referido as declaracións trimestrais correspondentes en materia tributaria.

f) En relación ca situación familiar dos pais ou titores:

- 1) En caso de separación ou divorcio: copias da sentenza e/ou do convenio regulador actualizados, que especifique a contía da pensión de alimentos.
- 2) En caso de unións de feito separadas con fillas/os recoñecidas/os no libro de familia ou documento de carácter análogo: unha copia da sentenza de asignación de garda e custodia e contía da pensión de alimentos. De non achegárense os devanditos documentos, entenderase que non existe separación de feito, polo que os dous proxenitores deberán presentar todos os documentos laborais e económicos esixidos a cada membro da unidade familiar.
- 3) En situacións de falta de pagamento nos dous casos anteriores, presentárase unha copia da solicitude de execución de sentenza presentada ante o Xulgado ou un xustificante de inicio das actuacións. De non presentar a dita documentación, considerarase que se está percibindo a contía por pensións compensatorias ou de alimentos establecida inicialmente, computando esas cantidades como ingresos efectivos.
- 4) No caso de menores en situación de garda e custodia compartida: os xustificantes de ingresos de ambos os proxenitores, que serán valorados segundo o tipo de custodia (quincenal, semestral, anual...)
- 5) En caso de acollemento familiar das/os menores: copia da resolución, auto xudicial e/ou contrato de acollemento con indicación da contía establecida, se for o caso, ou do inicio das devanditas actuacións.


g) Certificados de discapacidade, cun mínimo certificado do 33%, dos membros da unidade familiar de convivencia emitido polo organismo competente (Xunta de Galicia) ou equivalente, no caso de ser emitido por outra comunidade autónoma distinta a Galicia.

h) Certificado da Seguridade Social de pensión por incapacidade permanente/total/absoluta ou grande invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo (equivale a discapacidade igual ao 33%).

i) En casos de intolerancias alimentarias, un informe médico actual no que se especifique o número de colexiado, o tipo de intolerancia e a dieta que se precise.

j) En caso de existencia de malos tratos na unidade familiar de convivencia que tivesen lugar nos últimos 3 anos que contan desde a publicación desta convocatoria, acreditarase a situación de violencia de xénero, segundo recolle o art. 5 da Lei 11/2017, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

k) En caso de ter educación combinada, certificado da Consellaría de Educación no que se especifique este tipo de educación e os centros educativos nos que se vai cursar.

<p>Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B DAV</p>	<p>Documento 10513I0BJ3</p>	a
<p>Código de verificación</p>  <p>4K6G 2C6A 4L5Q 3D4I 09XG</p>	<p>Expediente 105/2019/2115</p>	
	<p>Fecha 01-04-2019</p>	

l) En caso de incompatibilidade horaria por motivos laborais ou formativos, certificación da empresa contratante ou do centro de formación no que constará o horario laboral/formativo de duración estable e non puntual. Se hai dous proxenitores ou convivintes, a incompatibilidade debe acreditarse para ambos. Estes documentos serán necesarios se se quere acceder aos beneficios indicados na base 11.

m) Outras situacións serán valoradas polo persoal técnico dos servizos sociais municipais.

10.2 Aos efectos da tramitación das axudas desta convocatoria, entenderase que a presentación desta solicitude, leva implícita a autorización, en relación as persoas solicitantes, interesadas e as que forman parte da unidade familiar de convivencia, para a consulta interadministrativa da información e documentación requirida, incluída a información e datos referidos a súa situación persoal, familiar, e tributaria, que conste nas diferentes administración públicas, agás se denegase especificamente.


Neste sentido será obrigatorio que as solicitudes presentadas veñan asinadas por todos os proxenitores ou títos legais, e demais membros da unidade familiar de convivencia maiores de idade.

10.3 Cando non sexa posible achegar a documentación requirida por razóns alleas á persoa solicitante, poderá ser substituída mediante unha declaración responsable, sendo esta circunstancia obxecto de valoración polos servizos sociais municipais. A presentación desta declaración responsable implica en todo caso a presentación ou consulta da documentación cando esta estea dispoñíbel.

10.4 No obstante, a administración municipal poderá realizar as consultas e as comprobacións que resulten pertinentes para acreditar a validez de da información e datos fiscais e tributarios declarados polas persoas interesadas. A tal efecto, se poderán requirir ás persoas solicitantes a seguinte documentación adicional:

- ✓ *Si se trata de persoas traballadoras por conta propia:* copia das catro últimas declaracións trimestrais (IRPF-Modelo 130), correspondentes ao primeiro, segundo, terceiro y cuarto trimestre dos anos 2017 ou 2018.
- ✓ *Si se trata de persoas traballadoras por conta allea:* copia das tres últimas nóminas, correspondentes ao cuarto trimestre dos anos 2017 ou 2018.
- ✓ *Si se trata de persoas desempregadas:* certificada actualizado emitido pola oficina do servizo público de emprego correspondente, que acredite a situación da demanda e certificado actualizado no que se faga constar se percibe a prestación ou subsidio de desemprego, indicando no seu caso, as contías de estes.
- ✓ *Si se trata de persoas que perciban pensión ou prestacións por xubilación, invalidez, viuvez, incapacidade temporal, rendas mínimas ou similares:* certificado ou resolución expedido polo organismo ou entidade da administración autonómica o que corresponda da Seguridade Social, no que se indique a cantidade anual ou mensual que percibe.

Tamén a administración municipal poderá requirir ás persoas solicitantes a anterior documentación adicional ou a que resulte pertinente para acreditar os ingresos obtidos polas persoas afectadas, no suposto de que se trate de rendas non suxeitas ou exentas a efectos do Imposto sobre a renda das persoas físicas.

<p>Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B DAV</p>	<p>Documento 10513I0BJ3</p>	a
<p>Código de verificación</p>  <p>4K6G 2C6A 4L5Q 3D4I 09XG</p>	<p>Expediente 105/2019/2115</p>	
	<p>Fecha 01-04-2019</p>	

10.5 No suposto previsto na Base 9ª.a) i) (Declaración de renda do exercicio 2017) e en relación a aqueles membros da unidade familiar de convivencia que teñan ou non a obriga de presentar a declaración polo Imposto sobre a renda das persoas físicas, a presentación da solicitude das presentes axudas implica a autorización por parte dos membros da unidade de convivencia ao Concello da Coruña para acceder aos datos tributarios en relación ao Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) dos devanditos membros.

11. BAREMO

As solicitudes serán valoradas en aplicación do seguinte baremo, segundo a situación da unidade familiar de convivencia.

a) Situación económica (*renda per cápita anual – RPC*):

A situación económica da unidade familiar de convivencia valorarase tendo en conta a renda per cápita anual (RPC) da renda familiar, que se obterá do resultado da división da renda familiar polo número de membros de dita unidade familiar.


A estes efectos, tomarase como información veraz para o cálculo das respectivas capacidades económicas a información tributaria que estea en poder da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) respecto aos exercicios 2017 ou 2018, segundo proceda.

Por renda familiar se entenderá a suma dos ingresos obtidos durante os anos 2017 ou 2018, segundo proceda, por tódolos membros computables da unidade familiar de convivencia, calquera que sexa a súa procedencia, segundo os seguintes criterios:

- A renda familiar a efectos da obtención da beca comedor se determinará pola agregación das rendas de cada un dos membros computables da unidade familiar de convivencia que obteñan ingresos de calquera natureza, calculados segundo de indican nos parágrafos seguintes e de conformidade coa normativa reguladora do Imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente aos anos 2017 ou 2018, segundo proceda. En ningún caso incluírán los saldos negativos de ganancias e perdas patrimoniais correspondentes a exercicios anteriores ao que se computa.
- Para a determinación da renda dos membros computables da unidade familiar de convivencia que presentarán declaración ou solicitude de devolución polo Imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente aos exercicios 2017 ou 2018, segundo proceda, sumarase a base imponible xeral a base imponible do aforro do período impositivo que corresponda, agás o sinalado na Base 15.

A estes efectos para o exercicio 2017, terase en conta a suma das contías da base imponible xeral e que conste na casilla [0415] e da base imponible do aforro e a que conste na casilla (0435) (páxinas 13 e 14, respectivamente, do modelo D-100) das súas respectivas declaracións do Imposto sobre a renda das persoas físicas, segundo o artigo 3.a) e Anexo I da Orde HAC/231/2018, de 6 de marzo (publicada no BOE nº 59, de data 08.03.2018).

En relación con este exercicio 2017, para a determinación da renda dos membros computables da unidade familiar de convivencia consultarase por parte do concello da Coruña, os datos tributarios en

Area / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B DAV	Documento 10513I0BJ3	a
Código de verificación  4K6G 2C6A 4L5Q 3D4I 09XG	Expediente 105/2019/2115	
	Fecha 01-04-2019	


relación ao Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) que consten declarados ou liquidados ante a Axencia Tributaria (AEAT), por parte dos devanditos membros da unidade de convivencia.

A estes efectos para o exercicio 2018, terase en conta a suma das contías da base imponible xeral e que conste na casilla [0435] e da base imponible do aforro e a que conste na casilla (0460) (páxinas 13 e 14, respectivamente, do modelo D-100) das súas respectivas declaracións do Imposto sobre a renda das persoas físicas, segundo o artigo 3.a) e Anexo I da Orde HAC/277/2019, de 4 de marzo (publicada no BOE nº 62, de data 13.03.2019).

- Para a determinación da renda dos membros computables da unidade familiar de convivencia que teñan ingresos propios e NON presentarán declaración ou solicitude de devolución polo Imposto sobre a renda das persoas físicas, en relación aos exercicios 2017 ou 2018, ou NON consten datos declarados ou liquidados ante a Axencia Tributaria (AEAT), sumaranse as contías dos ingresos declarados polos solicitantes na súa solicitude ou requiridos pola administración municipal, no seu caso, en relación ao exercicio 2018. A determinación da renda realizarase segundo as regras para o cálculo da base imponible da normativa reguladora do Imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao ano 2018.

A puntuación que se computará a efectos da valoración da situación económica da unidade familiar de convivencia, tendo en conta a renda per cápita anual (RPC) da renda familiar, será a que resulte da aplicación dos seguintes tramos de renda:

a) Situación económica (renda per cápita anual – RPC)	Puntuación
Dende 0,00 € ata 3.000,99 €	10 puntos
Dende 3.001,00 € ata 4.000,99 €	9 puntos
Dende 4.001,00 € ata 5.000,99 €	8 puntos
Dende 5.001,00 € ata 6.000,99 €	7 puntos
Máis de 6.001,00 €	0 Puntos
Total a):	
b) Situación laboral	
Incompatibilidade horaria dos dous proxenitores. Monoparental (*) (Lei 3/2011). Proxenitor/a custodio/a segundo sentenza xudicial.	2 Puntos
Total b):	
c) Situación social	
Monoparentalidade	1 Punto
Violencia de xénero (últimos tres anos)	1 Punto
Familias numerosas	1 Punto
Total c):	
d) Situación de saúde	
Intolerancias alimentarias	1 Punto
Existencia de problemas graves de saúde física e/ou psíquica do menor beneficiario (multiplicarase polo número de menores afectados)	1 Punto
Existencia de problemas graves de saúde física e/ou psíquica dalgún dos proxenitores, titores legais ou dalgún outro membro da unidade de convivencia (ata un máximo de 2 puntos) (**)	1 Punto

Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B DAV	Documento 10513I0BJ3	a
Código de verificación  4K6G 2C6A 4L5Q 3D4I 09XG	Expediente 105/2019/2115	
	Fecha 01-04-2019	

	Total d):
	Total (a+b+c+d):

(*)Enténdese por familia *monoparental* o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal, e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

(**)Outorgarase 1 punto por cada persoa maior de 18 anos que o acredite, ata un máximo de 2 puntos.

12. CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN

12.1 Serán persoas beneficiarias directas da bolsa de comedor as persoas menores de idade escolarizados/as que cumpran os requisitos da normativa estatal e autonómica en materia de subvencións e que obteñan 10 ou máis puntos na valoración efectuada prevista nestas bases, ademais de existir crédito suficiente na aplicación orzamentaria.

A prestación concederáse seguindo a orde de maior a menor puntuación ata esgotar o crédito dispoñible. As unidades familiares que obteñan unha puntuación de 10 ou máis puntos e que non poidan ser beneficiarias por esgotarse os fondos dispoñibles, quedarán en listaxe de espera ordenada de maior a menor puntuación. De existir máis dispoñibilidade orzamentaria poderase incrementar o número de persoas beneficiarias.


12.2 As solicitudes que proveñan de situacións posteriores á finalización do prazo de presentación de solicitudes (base 15 desta convocatoria) tamén se incluírán nesta listaxe de espera e ocuparán, segundo a puntuación alcanzada, o lugar que lles corresponda.

12.3 En caso de empate no total de puntos obtidos e para adjudicar as bolsas, terase en conta a puntuación obtida nos seguintes criterios de valoración:

- 1) Número de persoas beneficiarias por solicitante, tendo preferencia as solicitudes para dous ou máis irmáns.
- 2) Maior puntuación no apartado A de valoración da situación económica da unidade familiar de convivencia.
- 3) Maior puntuación no apartado B de valoración da situación laboral dos pais ou titores legais dos/as menores.
- 4) Maior puntuación no apartado C de valoración da situación social da unidade de convivencia do/s menor/es.
- 5) Maior puntuación no apartado D de valoración da situación de saúde da unidade de convivencia do/s menor/es.

13. PROCEDEMENTO

13.1 Logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes, a listaxe provisional de admitidas/os e excluídas/os publicarase nas oficinas dos rexistros municipais situados na Praza de María Pita núm. 1, no Fórum Metropolitano (rúa Río de Monelos, núm. 1), no Centro Ágora (lugar da Gramela, núm. 17) e no

<p>Área / Unidada JUSTICIA SOCIAL AS0000B DAV</p>	<p>Documento 10513I0BJ3</p>	a
<p>Código de verificación</p>  <p>4K6G 2C6A 4L5Q 3D4I 09XG</p>	<p>Expediente 105/2019/2115</p>	
	<p>Fecha 01-04-2019</p>	

Centro Cívico Municipal de Mesoiro (rúa Ancares, nº 15), nos taboleiros de anuncios dos centros cívicos municipais, no enderezo web do taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>), na páxina web municipal da área dos servizos sociais municipais (www.coruna.gal/servizossociais) e no teléfono de información cidadá 010 do Concello da Coruña.

Na listaxe de persoas excluídas indicaranse as causas de exclusión e concederáse ás persoas interesadas un prazo máximo de 10 días hábiles para emendar a documentación requirida, advertíndoselle que se lle terá por desistidas das súas solicitudes no caso de o non facer.

13.2 O equipo do programa municipal de traballo con familias instruirá o procedemento de concesión de bolsas comedor, valorando as solicitudes admitidas de acordo co baremo establecido na base 11.

13.3 Logo de realizar a valoración, publicarase, nos lugares e medios sinalados no apartado 13.1, o informe asinado pola coordinadora do programa de familia e a xefa do Servizo de Acción Social no que figurará a listaxe provisional de persoas beneficiarias e a puntuación outorgada, concedéndoselles un prazo de 10 días hábiles ás persoas interesadas para presentaren alegacións.

13.4 Logo de se examinaren as alegacións, formularase unha proposta de resolución, que será fiscalizada polo órgano de intervención municipal.


13.5 A Tenente de Alcalde responsable da área de Xustiza Social e Coidados aprobará a resolución de concesión de bolsas comedor, por delegación da Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado en data 30 de xuño de 2017, de conformidade coas presentes bases. A resolución adoptada será publicada nos lugares e nos medios sinalados no apartado 13.1.

13.6 Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a adoptou, ou interpor directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano xurisdiccional competente. Nos dous casos, computarase o prazo a partir do día seguinte ao de se publicar oficialmente a resolución da concesión.

14. CONDICIÓN, ACEPTACIÓN E INICIO DO SERVIZO

14.1 Logo de se adoptar pola Tenente de Alcalde responsable da área de Xustiza Social e Coidados, por delegación da Xunta de Goberno Local de acordo de data 30 de xuño de 2017, e publicadas as listaxes definitivas coas puntuacións nos lugares e medios sinalados no apartado 13.1, as persoas beneficiarias están obrigadas a presentarse no centro cívico municipal que lles corresponda, onde se lles facilitará o anexo 2 que se xunta a estas bases.

Este anexo 2, logo de o cubriren e asinaren as persoas beneficiarias e despois de o selar o centro cívico municipal de referencia, deberá presentarse no prazo de 10 días hábiles desde a data de inicio do servizo do comedor no mes de setembro do ano de inicio do curso escolar, en primeiro lugar, no rexistro municipal e, posteriormente, no correspondente centro educativo. A sinatura deste documento (anexo 2) implica que a persoa beneficiaria acepta a bolsa.

<i>Area / Unidad</i> JUSTICIA SOCIAL AS0000B DAV	<i>Documento</i> 10513I0BJ3	a
<i>Código de verificación</i>  4K6G 2C6A 4L5Q 3D4I 09XG	<i>Expediente</i> 105/2019/2115	
	<i>Fecha</i> 01-04-2019	

A presentación deste documento (anexo 2), tanto no Rexistro Municipal como no centro educativo, é obrigatoria para ser persoa beneficiaria do comedor. Non presentar este documento, en tempo e forma, é motivo de baixa inmediata, tal e como establece a base 16, salvo circunstancias excepcionais debidamente acreditadas ante o persoal técnico municipal responsable do programa que elaborará o correspondente informe técnico acreditativo de tales circunstancias.

15. CONCESIÓN POR CAUSAS SOBREVIDAS

15.1 Poderán admitirse solicitudes fóra do prazo establecido e ao longo de todo o curso escolar 2019/2020, cando con posterioridade á finalización do devandito prazo concorran algunha das seguintes circunstancias:

- Traslado de residencia ou centro escolar desde outro municipio, que se acreditará mediante a presentación de certificado escolar, da inscrición no padrón municipal ou outra documentación suficientemente xustificativa.
- Situacións de violencia de xénero, que deberán acreditarse mediante a documentación xudicial correspondente.
- Cambios nas circunstancias laborais, económicas sociais, de saúde, familiares ou similares que se produzan con posterioridade ao peche da convocatoria e que deriven en cambios determinantes de risco e exclusión social. Esta situación deberá valorala e informala o persoal técnico da Concellaría de Xustiza Social e Coidados.
- Inicio do servizo de comedor escolar nun centro educativo que carecese da citada prestación, con posterioridade á apertura da convocatoria e coa resolución estimativa do devandito inicio por parte do seu consello escolar.


15.2 Estas solicitudes presentadas fóra de prazo por causa sobrevida deberán cumprir os mesmos requisitos indicados nesta convocatoria e deberán ir acompañadas da documentación preceptiva. Ademais, mediante cita previa, a persoa interesada deberá acudir ao seu centro cívico municipal de referencia para que a posible situación sobrevida sexa valorada polo persoal técnico dos servizos sociais municipais, que emitirán informe acreditativo do cumprimento dos requisitos, que se achegará á solicitude que deberá ser presentada polas persoas interesadas no Rexistro de Entrada do Concello da Coruña, xunto co resto de documentación preceptiva.

15.3 O persoal técnico dos servizos sociais municipais de referencia indicarlle á persoa interesada a documentación que debe presentar na forma e contido sinalados na base 10.

Unha vez presentada esta solicitude e a súa documentación e recibida pola unidade tramitadora, se é insuficiente ou está incompleta, requiriráselle á persoa interesada para que nun prazo de 10 días hábiles emende a dita falta ou achegue os documentos preceptivos. Logo de transcorrer ese prazo sen que fixese a corrección correspondente, considerarase que a persoa solicitante desiste da súa solicitude.

16. BAIXA NO SERVIZO

16.1 Respecto da ausencia da/o menor beneficiaria/o do comedor, distingúirase entre:

<p>Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B DAV</p>	<p>Documento 10513I0BJ3</p>	<p>a</p>
<p>Código de verificación  4K6G 2C6A 4L5Q 3D4I 09XG</p>	<p>Expediente 105/2019/2115</p>	
	<p>Fecha 01-04-2019</p>	

- a) Desistencia, é dicir, a baixa voluntaria da persoa beneficiaria no programa por renuncia expresa dos seus pais ou titores mediante presentación do Anexo 3 cuberto e asinado.
- b) Suspensión temporal do servizo por motivos médicos ou similares, que serán valorados polos servizos sociais municipais tras revisar os informes médicos correspondentes ou a documentación achegada, e acreditarán a pertinencia ou non da continuidade no servizo.
- c) Ausencia non comunicada aos servizos sociais municipais. A comunicación de ausencia ao centro escolar/comedor non se considera suspensión temporal, polo que será baixa por incumprir as bases da convocatoria.
- d) Baixa do programa, segundo se establece nos apartados do punto seguinte.

16.2 Poderase revogar a concesión da prestación (e por tanto será baixa do programa) en calquera momento do curso escolar 2019/2020 se se produce algún dos seguintes supostos:


- a) Incumprir algunha das condicións ou dos requisitos que establecen estas bases.
- b) Non comunicarlles aos servizos sociais municipais a ausencia da/o menor no servizo de comedor, tanto se esta é temporal ou non.
- c) A ocultación de información se esta resultou determinante para conceder a axuda.
- d) Non realizar os trámites necesarios para iniciar o servizo no prazo previsto ou non entregar o anexo 2 en tempo e forma, agás o contemplado na base 11.
- e) O mal uso do servizo, entendendo como tal o mal comportamento no comedor que impida ou prexudique o desenvolvemento normal da comida e provoque a expulsión do servizo segundo as normas de réxime interno do centro escolar para ese servizo.
- f) A alteración das circunstancias que motivaron a súa concesión.
- g) A falta de asistencia continuada ou intermitente ao comedor máis de quince días lectivos, agás as excepcións contempladas no punto 16.1.b) desta mesma base.
- h) A falta de pagamento de dúas cotas mensuais, seguidas ou alternas, por parte das familias.

16.3 O pagamento da cota do comedor correspondente á familia non implica a reserva de praza nin exime da asistencia ao colexio e ao comedor.

17. COMPETENCIA PARA APROBACIÓN DAS BASES E RECURSOS CONTRA AS MESMAS

17.1 O acordo que se adopte é unha atribución da Xunta de Goberno Local en virtude do disposto no artigo 127 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. O acordo que se adopte porá fin á vía administrativa.

17.2 Contra dito acordo caberá interpor polos interesados, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación oficial deste acordo (artigos 123 e seguintes da Lei 39/15, de 1 de outubro, do procedementos administrativo común das administracións públicas) ou interpor directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo (artigos 8 e 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa), no prazo de dous meses a partir do día seguinte a publicación oficial deste acordo. No caso de terse interposto recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses dende a notificación da resolución desestimatoria do

<i>Área / Unidada</i> JUSTICIA SOCIAL AS0000B DAV	<i>Documento</i> 10513I0BJ3	a
<i>Código de verificación</i>  4K6G 2C6A 4L5Q 3D4I 09XG	<i>Expediente</i> 105/2019/2115	
	<i>Fecha</i> 01-04-2019	

recurso de reposición, se fose expresa ou dende a súa desestimación tácita, que se producirá se no prazo de seis meses non se resolve o recurso de reposición interposto, sen prexuízo de calquera outro recurso que se estime procedente.

18. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais, os datos persoais facilitados polas persoas solicitantes quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade do Concello da Coruña co obxecto de xestionar o presente procedemento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais destes ficheiros poderanse exercer ante o Rexistro Xeral do Concello da Coruña (Pza. María Pita, núm. 1, 15001, A Coruña), nos termos municipais establecidos nos artigos 13, 14, 15 e 18 da citada Lei.

19. PROCEDEMENTO DE PRESENTACIÓN DAS FACTURAS


As facturas correspondentes ao coste de prestación do servizo serán presentadas polas empresas que efectivamente presten o servizo. Ditas facturas deberán ser acompañadas de listados de asistencia asinados polas entidades xestoras de ditos comedores (ANPAS ou entidade escolar correspondente). A concesión da bolsa de comedor con cargo a esta convocatoria implica a cesión do dereito de cobramento ás empresas que efectivamente prestan o servizo, polo que o pago do orzamento total practícarase efectivamente a estes.

20. TRANSPARENCIA

20.1 De conformidade coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno e o artigo 15.2.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a relación provisional e definitiva de persoas beneficiarias da prestación de comedor publicarase no taboleiro de edictos e na páxina web dos servizos sociais municipais, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade, previa a súa disociación dos citados datos conforme a normativa aplicable.

20.2 De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no Diario Oficial da Provincia da Coruña.

20.3 Exención de tributación. De acordo co previsto no artigo 7.j) da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, as axudas reguladas nesta orde son rendas exentas.

<p>Área / Unidade JUSTICIA SOCIAL AS0000B DAV</p>	<p>Documento 10513I0BJ3</p>	a
<p>Código de verificación</p>  <p>4K6G 2C6A 4L5Q 3D4I 09XG</p>	<p>Expediente 105/2019/2115</p>	
	<p>Fecha 01-04-2019</p>	

ANEXO I

<p>Eu, nai/pai/titor/a gardador/a Yo, madre/padre/tutor/a guardador/a</p>

<p>Con DNI/NIE/Pas, número: con DIV/NIE/Pas, número:</p>
--

Declaro baixo responsabilidade solidaria, respecto do/a(s) menor(es) anteriormente relacionados:

- Que acepto a totalidade das bases desta convocatoria de comedor.
- Que de obter outra axuda ou bolsa para comedor, para este curso escolar, procedente doutra administración ou entidade pública ou privada, comunicareino ó Concello da Coruña.
- Que, no caso de ser beneficiario/a nesta convocatoria do programa de beca de comedor do Concello da Coruña, comprométome a:
 - Cumprir o establecido nas bases no relativo ó ANEXO II.
 - Aboar mensualmente a parte que me corresponda do custo da praza do comedor.
 - Comunicar o antes posible ó CCM correspondente a ausencia do/a(s) menores) ó servizo de comedor, sexa temporal ou definitivamente (desistencia).
 - Comunicar ós responsables do comedor, calquera circunstancia de índole alimentaria (dieta especial, alerxias, intolerancias, etc...) que poida afectar o/a(s) beneficiario/a(s) da beca. Quedando baixo a miña responsabilidade calquera incidente que se poida producir, de non ter notificado esas circunstancias.
 - Cumprir con todas as obrigas establecidas nas bases desta convocatoria.

Declaro bajo responsabilidad solidaria, respecto do/a(s) menor(es) anteriormente relacionados:

- Que acepto la totalidad de las bases de esta convocatoria de comedor
- Que de obtener otra ayuda o beca para comedor, para este curso escolar, procedente de otra administración o entidad pública o privada, lo comunicaré al Ayuntamiento de A Coruña.
- Que, en caso de ser beneficiario/a en esta convocatoria del programa de beca de comedor del Ayuntamiento de A Coruña, me comprometo a:
 - Cumplir con lo establecido en las bases en lo relativo al ANEXO II.
 - Abonar mensualmente la parte que me corresponda del coste de la plaza del comedor
 - Comunicar lo antes posible al CCM correspondiente la ausencia del/a(s) menor(es) al servicio de comedor, sea temporal o definitivamente (desistimiento).
 - Comunicar a los responsables del comedor, cualquier circunstancia de índole alimentaria (dieta especial, alergias, intolerancias, etc...) que pueda afectar al/a(s) beneficiario/a(s) de la beca. Quedando bajo mi responsabilidad cualquier incidente que se pueda producir, de no haber notificado esas circunstancias.
 - Cumplir con todas las obligaciones establecidas en las bases de esta convocatoria.

A persoa que asina declara que os datos que facilita nesta declaración son certos

La persona que firma declara que los datos que facilita en esta declaración son ciertos

Para a súa tranquilidade e seguridade informámoslle de que, de conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, pola que se adapta o ordenamento xurídico español ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos personais e á libre circulación destes datos, os datos de carácter persoal que se obteñan da súa solicitud pasarán a formar parte do ficheiro automatizado de datos de carácter persoal OPENCERT, cuxa titularidade e responsabilidade corresponde ao Concello da Coruña, con domicilio en Praza de María Pita nº 1.

Este ficheiro ten como finalidade a xestión da información administrativa necesaria para a tramitación dos procedementos correspondentes. A sinatura deste documento implica que a persoa solicitante resulta informada e dá o seu consentimento para o tratamento dos seus datos coa finalidade mencionada, para cada caso concreto.

En virtude da referida Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, a persoa solicitante ou, se é o caso, o seu representante legal, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición dos datos, dirixíndose ao Concello da Coruña, Praza de María Pita, nº 1. Tel: 981 184 200


Para su tranquilidad y seguridad le informamos de que, de conformidad con lo dispuesto en la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales, por la que se adapta el ordenamiento jurídico español al Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y el Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de sus datos personales y a la libre circulación de estos datos, los datos de carácter personal que se obtengan de su solicitud pasarán a formar parte del fichero automatizado de datos de carácter personal OPENCERT, cuya titularidad y responsabilidad corresponde al Ayuntamiento de A Coruña, con domicilio en Plaza de María Pita nº1.

Este fichero tiene como finalidad la gestión de la información administrativa necesaria para la tramitación de los procedimientos correspondientes. La firma de este documento implica que la persona solicitante resulta informada y da el consentimiento para el tratamiento de sus datos con la finalidad mencionada, para cada caso concreto.

En virtud de la referida Ley orgánica 3/2018, la persona solicitante o, si es el caso, su representante legal, podrán ejercitar los derechos de acceso, rectificación, cancelación u oposición de los datos, dirigiéndose al Ayuntamiento de A Coruña, plaza de María Pita, nº1. Tel: 981 184 200

A Coruña, de de

Sinatura da persoa solicitante
Firma de la persona solicitante

<i>Área / Unidada</i> JUSTICIA SOCIAL AS0000B DAV	<i>Documento</i> 10513I0BJ3	a
<i>Código de verificación</i>  4K6G 2C6A 4L5Q 3D4I 09XG	<i>Expediente</i> 105/2019/2115	
	<i>Fecha</i> 01-04-2019	

Xustiza Social e Coidados
Servizo de Acción Social

ANEXO II

**MODELO DE ACEPTACIÓN DAS BOLSAS COMEDOR
E COMUNICACIÓN AO SERVIZO DE COMEDOR DO CENTRO ESCOLAR**

Impreso para entregar aos responsables do servizo de comedor do centro escolar no que estean matriculados as/os menores.

Este documento non terá validez sen o selo do Centro Cívico Municipal

Persoa solicitante:

Apelidos e nome: _____
 DNI/NIE/Pasaporte núm.: _____

Acepto a bolsa de comedor para o curso 2019-2020, para as/os menores:

1.
2.
3.
4.
5.
6.

ESCOLARIZADA/O(S) EN : (*)	<input type="checkbox"/> CEIP:
	<input type="checkbox"/> CEE:
	<input type="checkbox"/> IES:
	<input type="checkbox"/> CPR: Teñen bolsa concedida de: 80€ <input type="checkbox"/> 98€ <input type="checkbox"/>


Data prevista de incorporación (*): Setembro Outubro

(*) Marcar cun "X" o que corresponda.

A Coruña, de de 20....

Sinatura da persoa solicitante:

Selo do Centro Cívico Municipal:

<p><i>Area / Unidada</i> JUSTICIA SOCIAL AS0000B DAV</p>	<p><i>Documento</i> 10513I0BJ3</p>	a
<p><i>Código de verificación</i></p>  <p>4K6G 2C6A 4L5Q 3D4I 09XG</p>	<p><i>Expediente</i> 105/2019/2115</p>	
	<p><i>Fecha</i> 01-04-2019</p>	

Xustiza Social e Coidados
Servizo de Acción Social

ANEXO III

MODELO DE DESISTENCIA DAS BOLSAS COMEDOR


D.ª/D..... con DNI/NIE/pasaporte
núm....., e domicilio na Coruña, no enderezo.....
.....
CP, do municipio de en calidade de
nai/pai/titor/a/gardador/a (*indíquese o que proceda*) das/os menores
.....
.....
que son beneficiarias/os do programa de bolsa comedor municipal para o curso 2019-2020 no centro
escolar:

Pola presente COMUNÍCOLLES aos Servizos Sociais do Concello da Coruña que as/os menores arriba
mencionadas/os deixan de asistir ao comedor escolar para o que tiñan concedida bolsa municipal, a partir
do (*indíquese a data*)....., polo motivo que se
indica:

.....
.....
.....
.....

A Coruña, de de 20.....

Sinatura da persoa declarante,

<i>Área / Unidada</i> JUSTICIA SOCIAL AS0000B DAV	<i>Documento</i> 10513I0BJ3	a
<i>Código de verificación</i>  4K6G 2C6A 4L5Q 3D4I 09XG	<i>Expediente</i> 105/2019/2115	
	<i>Fecha</i> 01-04-2019	

ANEXO IV

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

- Identificación de proxenitores/as, titores/as, gardadores/as e outros/as

PROXENITOR/A, TITOR/A, GARDADOR/A OUTRO/A 1	
DNI NIE Pasaporte	Apelidos e Nome
PROXENITOR/A, TITOR/A, GARDADOR/A OUTRO/A 2 (se é o caso)	
DNI NIE Pasaporte	Apelidos e Nome

- Identificación das persoas beneficiarias e dos seus centros de ensino de referencia

PERSONA/S MENORES BENEFICIARIA/S	
Apelidos e Nome	Centro de ensino de referencia

DECLARAN BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Que a/s antedita/s persoa/s beneficiaria/s se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, en relación co establecido nos artigos 13.2e) e 14.1 e) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, e no artigo 22.1, 22.2, 24.2 e 24.4 do Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

No lugar e data que se indican:

LUGAR DA DECLARACIÓN	DATA DA DECLARACIÓN

SINATURA DO/A DECLARANTE 1	SINATURA DO/A DECLARANTE 2